




## A FRECHA




1. O máis seguro é que xa saibas facer este avión tradicional, que parte dunha folla rectangular que dobramos ao medio e ao longo para marcar o vinco.




2. Dobramos en triángulo as dúas esquinas dun lado, levando as arestas até o vinco central.




3. Seguindo a mesma secuencia, volvemos dobrar as arestas até a mesma liña do medio.



4. Obtemos esta figura que debemos dobrar cara arriba, seguindo esa liña central.




5. Esta será a nova figura, na que debemos continuar dobrando outra vez as arestas inclinadas até á aresta inferior, mais cada unha para o seu lado.



6. Con isto xa teremos rematada a figura, da que só teremos que levantar as dúas ás que acabamos de dobrar, e colocalas en ángulo recto. Isto é moi importante para que voe ben.

8. Para obtermos o mellor voo da frecha temos que tentar a forza e a dirección do lanzamento.

Unha brincadeira máis é botar o alento na proa do avión antes de lanzalo a voar.



7. Esta frecha voadora lanzarémola a voar agarrándoa cunha man aproximadamente por onde sinala a frecha.

OBS. Sempre que poidas utiliza papel usado para a aprendizaxe dos modelos.